

Arteixo / Cultura

O Concello de Arteixo, para contribuír ao desenvolvemento da narrativa galega e honrar ao noso Patriarca, convoca con carácter anual o 34º Certame de Narracións Breves Manuel Murguía coas seguintes

BASES:

1. Poderán concorrer todas as autoras e autores que o desexen cun único relato, de temática libre e escrita en lingua galega. Non poderán participar nesta convocatoria as persoas incursas nalgunha das causas de prohibición para obter a condición de beneficiarios/as que establece o artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).

2. Os relatos, que deberán ser orixinais e inéditos en calquera soporte (papel, electrónico, etc.), deberán ofrecer unha extensión non inferior a 15 páxinas nin superior a 30, estar escritos polas dúas caras con letra Arial, corpo 12, con dobre espazo interlineal e tamaño DIN A4.

3. Os traballos presentaranse por cuadruplicado e incluírán unicamente na portada o título da obra e un lema ou pseudónimo. Xuntarase unha copia do texto nunha memoria USB ou CD en formato LibreOffice, Word ou similar. Nun sobre pechado, no que tamén serán visibles o título e o lema, achegaranse no seu interior o título, o lema, o currículo da persoa autora, a copia do NIF, o nome, o enderezo, o teléfono e correo electrónico, unha declaración expresa de que a obra é inédita e que non foi premiada, ata a data da súa presentación, en ningún outro certame ou premio, un escrito no que dea a súa conformidade á cesión dos dereitos de edición da obra (incluídos os de publicación, distribución e explotación) por un prazo de 5 anos desde a data de concesión do premio e unha declaración de consentimento expreso para o tratamento dos datos persoais que constan na plica, de conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

4. O prazo de presentación de orixinais comezará o día seguinte ao de publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da provincia e rematará o 31 de xaneiro de 2025.

5. Non se admitirá máis de unha obra por autor/a. Deberá enviarse sen remite e facendo constar no sobre "34º Certame de Narracións Breves Manuel Murguía" ao seguinte enderezo.

Concello de Arteixo
Praza Alcalde Ramón Dopico, nº 1
15142 Arteixo
A Coruña

6. Establécense tres premios: un primeiro premio dotado con 4.000,00 €, un segundo de 2.000,00 € e un terceiro de 1.000,00 €, todos eles sometidos á correspondente dedución do IRPF, e serán aboados mediante transferencia bancaria á conta que indiquen os premiados.

7. O xurado, constituído por membros de recoñecida solvencia, será designado polo Concello de Arteixo e fará pública a súa decisión inapelable o 16 de maio de 2025. Adoptará os acordos por maioría de votos e reservarse o dereito de declarar desertos todos ou algúns dos premios se as obras presentadas non reuniran os méritos suficientes. Percibirán,

en concepto de honorarios pola súa labor, as cantidades que a tal efecto se acorden. Estes honorarios estarán suxeitos aos impostos e retencións legais que lles sexan de aplicación.

8. A proposta do xurado será presentada á Xunta de Goberno, que é o órgano competente para convocar e conceder os premios.

9. Os tres finalistas deberán estar presentes o día 16 de maio de 2025 no acto de entrega para recibir os premios, salvo ausencia debidamente xustificada. Ningún participante poderá obter máis dun premio.

10. Os orixinais non premiados poderán ser devoltos, sempre que o soliciten os seus autores/as por escrito no prazo máximo de 1 mes a partir do ditame. Os orixinais restantes serán destruídos unha vez transcorrido o devandito prazo.

11. A contía dos premios inclúe o pagamento dos dereitos de autor relativos á primeira edición das obras no ámbito dun volume colectivo que poderá publicarse nos 5 anos seguintes á concesión dos galardóns. As persoas autoras farán constar en edicións en papel ou electrónicas posteriores da súa obra que foi premiada neste certame.

12. De conformidade co disposto no artigo 14.1.e) LGS, os premiados deberán acreditar que se atopan ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social e non ser debedores ao Concello de Arteixo por calquera concepto.

13. O xurado terá competencia para interpretar estas bases. Calquera circunstancia non prevista nas presentes bases será resolta pola organización da maneira máis convinte para o desenvolvemento do certame.

14. De conformidade co que dispón a Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello de Arteixo para o envío de información relacionada co Certame de Narracións Breves Manuel Murguía. En calquera momento poderanse exercitar os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición mediante comunicación por escrito no Rexistro Xeral do Concello de Arteixo.

15. O feito de participar no certame supón a total aceptación das presentes bases.

ANEXO:

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

(a incluír no sobre pechado xunto co resto de datos do/a participante):

D/Dna., con DNI nº maior de idade e con domicilio a efectos de notificacións no correo electrónico e dirección C/ nº de teléfono.....actuando en representación de.....con DNI..... ou no meu propio nome e representación;

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

1. Que non me atopo incurso/a nalgunha das causas de prohibición para obter a condición de beneficiarios/as que establece o artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).

2. Que a obra é inédita e que non foi premiada, ata a data da súa presentación, en ningún outro certame ou premio.

3. Que dou conformidade á cesión dos dereitos de edición da obra (incluídos os de publicación, distribución e explotación) por un prazo de 5 anos desde a data de concesión do premio.

4. Que outorgo ao Concello de Arteixo consentimento expreso para o tratamento dos datos persoais que constan na plica, de conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

5. Que autorizo ao Concello de Arteixo a solicitar da Axencia Estatal e Autonómica de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social e do Concello de Arteixo os datos relativos a cumprimento das súas obrigas tributarias para comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos para obter, percibir e manter algún dos 3 premios do Certame Manuel Murguía. A presente autorización outógase exclusivamente aos efectos do recoñecemento, seguimento e control da prestación mencionada anteriormente e en aplicación do disposto no artigo 95.1 K) da Lei 58/2003, Xeral Tributaria que permite, previa autorización do interesado, a cesión de datos tributarios que precisen ás AA.PP para o desenvolvemento das súas funcións.

(Lugar)....., (día).....de (mes).....de 202_

Sinatura